XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

# PLAN ESTRATÉXICO DE MELLORA DOS CENTROS PROA+ DE GALICIA

IES do Barral (Ponteareas) - 36024781

PROA+
Programa para la Orientación, Avance y Enriquecimiento Educativo

# Índice

INTRODUCIÓN....8
1.1 Vixencia do plan....8
2. CONTEXTUALIZACIÓN....12
2.1 Características e singularidades do centro. Formulación institucional....12
2.2 Perfil da diversidade do alumnado....19
3. IDENTIFICACIÓN DAS ÁREAS DE MELLORA....23
3.1 Instrumentos de recollida de información previa....23
3.2 DAFO....24
3.2.1 Análise e interpretación dos datos DAFO e selección de obxectivos PROA+....25
4. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN....27
5. MARCO DE PLANIFICACIÓN PARA UNHA ESCOLA INCLUSIVA....28
6. OBXECTIVOS PROA+....29
7. ACTUACIÓNS....31
8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN....40
8.1 Seguimento e avaliación das actuacións (Actividades Panca)....40
8.2 Avaliación dos obxectivos PROA+....49
9. PROCEDEMENTO PARA A DIFUSIÓN, REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE MELLORA....51
ANEXO 1. Cuestionario de escola inclusiva....53

# INTRODUCIÓN

## 1.1 Vixencia do plan

O plan terá unha vixencia de tres cursos: 2022/2023, 2023/2024, 2024/2025. Durante o período de vixencia integraranse todas as actividades e accións panca que se realicen na programación xeral anual. Rematado ese período, o equipo directivo valorará a posibilidade de propoñer ao Claustro e ao Consello Escolar darlle continuidade, segundo os resultados obtidos e o grao de asimilación das dinámicas de traballo.

Durante o primeiro trimestre do curso 2023/2024 o equipo dinamizador levará a cabo unha revisión do PEM co obxectivo de comezar o proceso de actualización do mesmo.

## 1.2 Equipo dinamizador e proceso participativo

Tras realizar unha solicitude de colaboración na última sesión ordinaria do claustro do profesorado o 19/01/2023, na que se expuxeron as líneas fundamentais do PEM e de PROA+, o equipo directivo fixo a seguinte proposta de composición do equipo dinamizador:

- **Álvaro Groba Casal**, director do centro, que será a figura de referencia do equipo e a responsable de comunicarse coa inspección educativa, cos/coas coordinadores/as PROA+ da Consellería e co conxunto do claustro nas diferentes fases de elaboración do PEM.
- **Carmen Mª Prego Lago**, orientadora do centro, que será a encargada de supervisar e coordinar os apartados do PEM máis técnicos, sobre todo o "Perfil da diversidade do alumnado" e o "Cuestionario de Escola Inclusiva", ademais de comunicarse coas familias.
- **Isabel López Rodríguez**, vicedirectora do centro, colaborará na supervisión do " "Cuestionario de Escola Inclusiva" e na difusión do PEM entre o alumnado e familias.
- **Marcos Suárez Martínez**, xefe de estudos do centro, será a figura de referencia para a difusión do PEM entre o alumnado e o profesorado.
- **José Manuel Camba Sánchez**, xefe do departamento de matemáticas e responsable da dinamización da páxina web do centro, será o encargado de elaborar as enquisas para a elaboración da DAFO do centro, así como de publicar e difundir toda a información relacionada co PEM na páxina web de centro.

- **Alejandra Souto Moure**, xefa do departamento de inglés e dinamizadora da biblioteca do centro, será a figura responsable da redacción e edición do documento e da súa presentación no claustro e no consello escolar.
- **Aia Rodríguez Somoza**, coordinadora do plan dixital do centro e dos polos creativos, colaborará na difusión entre o alumnado e as familias, ademais de colaborar na redacción do documento.

É importante aclarar que estas funcións que acabamos de expoñer son só unha proposta inicial de traballo, que poderá sufrir cambios durante o curso. Así mesmo, a composición do propio equipo dinamizador é susceptible de sufrir modificacións ao longo do curso escolar, segundo as circunstancias que se poidan producir; sobre todo, deixaremos a porta aberta a que outras persoas.

As reunións do Equipo dinamizador realízanse os mércores de 10 h a 11:30 h, aproveitando que os integrantes do equipo non teñen clase nese horario.

Con respecto ao proceso de elaboración, detallamos a temporalización:

**1. Constitución do Equipo dinamizador:**

Iniciamos o traballo de elaboración do PEM o pasado 1 de febreiro coa primeira reunión do grupo impulsor ou dinamizador. Nesta primeira reunión realizamos unha asignación de tarefas entre os distintos membros do equipo. e elaboramos un calendario inicial para ter rematadas as primeiras tarefas e tamén decidimos marcar o día de reunión semanal, os mércores ás 10 h.

**2. Formación específica ofertada pola Consellería:**

O 17 de xaneiro celebrouse a xornada de formación presencial organizada pola Consellería.

**3. Difusión do PEM**; cando? Novembro/Decembro; Quen? Equipo dinamizador coa colaboración dos/das titores/as (informarase ao claustro, ás familias e ao alumnado sobre a elaboración do PEM e a súa importancia).

**4. Elaboración do PEM.-**

- febreiro/marzo: apartados 1, 2. Elaboración das preguntas do cuestionario de escolar inclusiva e das enquisar para a elaboración da DAFO do centro. Difusión do cuestionrio escola inclusiva e enquisas DAFO entre toda comunidade educativa para que cubran ditas enquisas e cuestionarios.

- abril: apartados 3 ("Perfil da diversidade do alumnado" e "Cuestionario de escola inclusiva"). 4, 5, 6, 7.

- maio: apartados 8 e 9 e revisión final

O Equipo dinamizador será o encargado de ir elaborando os diferentes apartados, repartindo o traballo segundo a dispoñibilidade dos/das seus/súas integrantes. O papel do orientador terá especial relevancia nos apartados 1, 2 e 3 e será quen coordine a colaboración co profesorado para a elaboración das enquisas necesarias.

**5. Aprobación do PEM:**

Na sesión ordinaria do Claustro e do Consello Escolar a celebrar a finais do mes de maio.

# 2. CONTEXTUALIZACIÓN

## 2.1 Características e singularidades do centro. Formulación institucional

**Localización.-**

O IES do Barral é un centro público localizado na vila de Ponteareas, no lugar de Barral, a 1 km do centro urbano da vila, nun contorno semiurbano. Ponteareas é unha vila con 23.000 habitantes que funciona como centro comarcal do Condado e Paradanta, zona de influencia en maior ou menor medida do centro. A vila ten unha economía diversificada, pero está moi influenciada pola proximidade a Vigo. A poboación traballa maioritariamente no sector servizos (48%) e na industria (28%) que se atopa espallada por todo o concello, ademais da zonas industriais de Porriño e Vigo. Tamén hai unha porcentaxe importante de poboación (20%,) que traballa en pequenas empresas do sector da construción. O sector agrícola é minoritario (4%) a pesar de ser un concello cun gran número de habitantes nas zonas rurais. A actividade agrícola, salvo algunha excepción, é unha actividade familiar que complementa os ingresos obtidos noutras actividades.

**Centro educativo.-**

Debido o forte aumento de poboación que experimenta o concello de Ponteareas nos primeiros anos do presente século, créase o IES do Barral, para evitar a masificación que sufrían as aulas da ESO nos IES Val do Tea e IES Pedra da Auga, comezando a funcionar no curso académico 2009-10, como centro exclusivamente de ESO. No curso 2011-12 incorpóranse os Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI) na modalidade de informática, sendo substituídos pola actual FP Básica de informática de oficina. Finalmente no curso 2016-17 autorízanse as ensinanzas de bacharelato no centro, nas modalidades de ciencias e humanidades-ciencias sociais.

O edificio é relativamente novo, con instalacións e medios materiais en bo estado. As distintas dependencias e aulas, e mesmo o contorno exterior ao recinto escolar, configuran un medio agradable para o estudo, traballo e para a convivencia. Pero o edificio presenta algúns defectos no deseño, como: a pista cuberta, que está impracticable practicamente todo o curso, pola gran cantidade de auga que acumula debido ao deficiente estado da súa superficie, ausencia dun salón de actos que limita a realización de actividades complementarias, acceso principal ao centro é provisional e realízase pola estrada nacional que pasa por diante do centro, o cal provoca situación de inseguridade víal para o noso alumnado e demais membros da comunidade educativa.

O espazo exterior do recinto escolar é insuficiente, sobre todo de zona cuberta para os día de chuvia, e pouco acolledor como zona de estar ou de lecer para o alumnado.

Ademais o espazo é limitado debido o aumento moi significativo do alumnado nos últimos cursos que podería incidir de xeito negativo na convivencia do centro.

**Número de unidades e alumnos/as.-**

O centro conta no curso actual con 502 alumnas/os, repartidos en 13 unidades de ESO con 372 alumnas/os, 4 unidades de bacharelato con 114 alumnos/as e 2 unidades de FP básica con 16 alumnos/as.

**Servizos complementarios.**-

Debido a gran dispersión xeográfica do alumnado e as dificultades de acceso peonil, o IES do Barral conta con servizo de transporte escolar con 9 rutas, que utilizan un 65% alumnado do centro.

O centro conta con servizo comedor escolar, con 55 prazas. O comedor escolar é de xestión indirecta e funciona a través dun catering. O número de usuarios do comedor vai flutuando entre 45 e 30 comensais ao longo do curso. Aproveitando que o comedor está funcionando o mediodía do luns, a cafetería e as instalacións do centro están abertas a toda a comunidade educativa.

**Alumnado.-**

**Procedencia.-**

O noso alumnado procede fundamentalmente dos centros de primaria adscritos: CEIP Santiago de Oliveira, CEIP M. Ramiro Sabell, CEIP Feliciano Barrera. Debido a antiga adscrición do CEIP Antonio Blanco do concello de Covelo, segue a haber alumnado procedente deste concello no centro. Estes centros de primaria teñen a súa área de influencia en distintas parroquias dos concellos de Ponteareas e Covelo. O 90% do alumnado procede do concello de Ponteareas, estando repartido o resto polos concellos de O Covelo, Mondariz e Salvaterra.

O alumnado de Ponteareas procede da zona urbana (48%) e de ata 20 parroquias distintas da zona rural, concentradas na zona sur (Guláns, Cristiñade...) con un 15% do alumnado e pola zona oeste do concello (Oliveira, Guillade...) cun 22% do alumnado.

A grande dispersión xeográfica do noso alumnado supón un inconveniente para a realización de actividades de reforzo e complementarias fóra do horario escolar. Pero tamén ten aspectos positivos e enriquecedores, pois o alumnado é diverso, con características e inquietudes propias segundo a zona de procedencia. Ademais, a procedencia rural de moito do noso alumnado, contribúe a esa diversidade e enriquecemento, polo coñecemento do medio natural e agrícola, polas costumes, pola diversidade lingüística e pola labor cultural que se fai en moitas destas parroquias na que participan os noso alumnado (bandas de música...).

**Familias.**-

O nivel socioeconómico e cultural das familias do noso alumnado é medio-baixo segundo o índice ISEC que se constrúe a partir de variables relativas a nivel de estudos dos pais e nais, situación laboral e profesional das familias, recursos materiais (ordenadores, conexión a internet, televisión por satélite, lugar de estudo...) e culturais (nº libros en casa, libros de consulta...). Este dato se confirma polo feito de que gran parte das familias son beneficiarias dos distintos tipos de axudas (material escolar, banco de

libros, comedor gratuíto...) destinadas as familias de rendas baixas.

Ademais segundo os datos do IGE eo INE, hai unha porcentaxe de persoas de 16 anos e máis cun nivel de estudos baixo (sen ESO ou EXB) e o índice de analfabetismo na comarca son moi altos. Destacar que o 46,3 % da poboación maior de 16 anos en Ponteareas e o 58% da de Covelo non teñen ningún tipo de titulación académica, ademais das altas taxas de analfabetismo.

De todo isto se desprende que moitas das familias do noso alumnado non teñen medios materiais de apoio (ordenadores, conexión a internet...), nin o tempo e preparación suficiente para apoiar e facer un seguimento dos estudos dos seus fillos e fillas. Tamén se reflicte no feito da falta de implicación dunha porcentaxe significativa de pais e nais na adquisición de hábitos de traballo e estudo dos seus fillos e fillas.

Aínda que as familias valoran moito os estudos dos seus fillos e fillas, soamente un número moi reducido se implica na vida do centro e unha porcentaxe pequena é socia da ANPA. As familias acoden asiduamente ao centro cando se lle convoca ou por iniciativa propia para interesarse pola marcha académica dos seus fillos/as. En xeral, as familias amosasen colaboradoras co centro, tanto no referente aos aspectos académicos relacionados cos seus fillos/as como coa participación en todo tipo de actividades nas que se lle pide a súa participación directa ou indirecta.

**Características do alumnado.**-

O alumnado de IES do Barral presenta as seguintes características:

• pouco conflitivo e con bo comportamento xeral.

• moi participativo, implicado en todo tipo de actividades tanto lúdicas, conmemorativas como formativas.

• alto número de estudantes con necesidades educativas especiais, procedentes en moitos casos de sectores sociais en clara desvantaxe socioeconómica.

• rendemento académico medio.

No referente a este último punto, analizando os datos dos distintos cursos académicos podemos extraer as seguintes conclusións:

• Unha porcentaxe significativa de alumnado (7%), en concreto, un total de 35 alumnas e alumnos non conseguiron promocionar ou titular. Este alumnado é heteroxéneo: alumnado con situacións familiares difíciles, falta de motivación, sen interese polos estudos, con problemas de aprendizaxe, con problemas de concentración, sen método nin hábitos de estudo, non saben organizar o tempo, non teñen constancia no traballo, expectativas baixas, debido a infravaloración dos estudos ou falta de seguimento no seu contorno familiar.

• Existen diferencias significativas nos resultados académicos en función da procedencia xeográfica do alumnado, de xeito que segundo nos desprazamos dende as parroquias limítrofes con Porriño cara ao interior da provincia, os resultados van empeorando. Estas diferencias parecen responder claramente a diferencias socioeconómicas e culturais entre as distintas zonas.

• A análise dos resultados académicos ao longo dos distintos cursos académicos, observamos que estes seguen unha tendencia claramente positiva, a pesar de que o número de alumnos/as do centro se foi incrementando progresivamente. Pasamos dunha porcentaxe de promoción e titulación do 69% hai 10 cursos ou un 73% hai 5 cursos a unha porcentaxe do 90% no curso anterior.

**Profesorado.-**

O IES do Barral conta cun claustro de profesorado formado por 48 profesores e profesoras, dos cales 27 teñen destino definitivo, 16 con destino provisional, 1 profesor PT a media xornada do programa PROA+, 2 profesores de relixión católica compartidos e 2 profesores provisionais a media xornada.

O número de profesores/as con destino provisional é alto. O claustro non é moi estable, sufrindo grandes cambios dun curso ao seguinte. Gran parte do profesorado que se incorpora ao centro con destino definitivo procede maioritariamente de Vigo e Ourense, e as súas expectativas profesionais son trasladarse a esas cidades, polo que a súa implicación en proxectos a medio e longo prazo no centro está limitada por esta circunstancia.

Así e todo, aínda que o claustro se renova en gran medida anualmente, e isto, en principio, non é desexable, é un claustro activo, colaborador, inquieto, que trata de actuar e traballar coordinadamente e que busca solucións aos problemas do alumnado. O novo profesorado que se incorpora cada curso entra nesa dinámica e moitas veces é este o profesorado o que propón e impulsan iniciativas que melloran o funcionamento do centro.

**Persoal de administración e servizos.-**

O persoal de administración e servizos está formado por: 1 administrativa, 2 conserxes, 2 persoas do servizo de limpeza, 1 coidadora. O traballo do persoal non docente é imprescindible para o bo funcionamento do centro, e facilita moito o traballo aos demais membros da comunidade educativa.

**CONVIVENCIA E INCLUSIÓN**

O IES do Barral é un centro de conflitividade baixa, tanto nas relacións entre o alumnado , dentro das aulas, e na relación profesorado-alumnado. O profesorado destaca que o ambiente de traballo nas clases é bo e que o alumnado potencialmente disruptivo é escaso. Esta situación débese en parte, ás características do noso alumnado pero tamén á aplicación estrita das normas de convivencia recollidas nas normas de organización e funcionamento do centro, ao sistema de imposición de partes de amoestación por escrito, ao seguimento puntual no cumprimento das sancións e das medidas correctoras, e á comunicación rápida coas familias cando xorden problemas de convivencia.

Por outra banda, estase desenvolvendo xa dende hai anos unha labor de prevención de conflitos dende varias liñas de traballo apoiadas na formación permanente do profesorado coas que ademais se busca responder ás necesidades de todo o noso alumnado, caracterizado por unha gran diversidade e cun alto número de alumnos e

alumnas con necesidades educativas especiais:

• Aplicación de técnicas restaurativas e xestión de conflitos mediante a mediación escolar, o diálogo e os compromisos educativos.

• Implementación da aprendizaxe cooperativa que por segundo curso forma parte do PFPP do centro.

• Hai xa catro anos que se comenzou a aplicar a aprendizaxe baseada en proxectos apoiada dende hai tres pola formación específica nunha das liñas do PFPP do centro.

• Concepción e modificación da biblioteca escolar como eixe do traballo interdisciplinar do centro e como lugar que proporciona espazos aos diferentes perfiles de alumnado para o desenvolvemento das súas habilidades e intereses.

• Desenvolvemento dende este curso dos reforzos educativos en 1º de ESO dentro das aulas de referencia sen mover delas ao alumnado ao que se lle aplica a medida.

Dende o punto de vista organizativo, hai dúas cuestións que tamén repercuten visiblemente na mellora da convivencia e na perspectiva inclusiva:

• a derivación do alumnado con baixa motivación a FP Básica, de carácter máis práctico e onde as expectativas de titulación son maiores.

• as distintas iniciativas e actividades de convivencia que se realizan no centro: enquisas para coñecer a situación da convivencia dende os distintos puntos de vista da comunidade educativa, traballo nas titorías, reunións espontáneas co alumnado…

Entendemos que todas estas medidas facilitan que aínda que o número de alumnos e alumnas matriculados segue unha tendencia ascendente, pasando de 240 no curso 10-11 aos 484 do curso anterior, o número de partes de amoestación por comportamentos disruptivos, faltas de orde e outras actuacións contrarias ás normas de convivencia do centro segue unha tendencia claramente descendente tanto en valores absolutos como relativos.

**Misión**

O IES do Barral é un centro de ensino secundario de titularidade pública no que se imparten as etapas educativas de educación secundaria obrigatoria, o ciclo de formación profesional básico de informática de oficina e o bacharelato nas modalidades de Ciencias e tecnoloxía e Humanidades e ciencias sociais.

Prestamos un servizo público esencial á nosa comunidade, garantindo unha educación equilibrada e integral, proporcionando a formación básica, centrada no desenvolvemento das competencias clave, para lograr que as alumnas e os alumnos:

• adquiran os elementos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico,

• desenvolvan e consoliden hábitos de estudo e de traballo,

• desenvolvan hábitos de vida saudables,

• desenvolvan hábitos de vida saudables,

• acaden a preparación para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral,

• se formen para o exercicio dos seus dereitos e das obrigas da vida como cidadás e cidadáns.

## Visión

O IES do Barral aspira a ser un centro educativo referente na vila de Ponteareas por impartir un ensino público e de calidade, dende unha perspectiva inclusiva, para que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación, por medio dunha mellora do servizo educativo, unha personalización da aprendizaxe, a aplicación de proxectos innovadores e a sistematización no uso das tecnoloxías na educación.

Pretende ser unha entidade viva, inclusiva e aberta, a través da participación de todos os sectores da comunidade educativa na vida do centro, no seu goberno e na formación do noso alumnado. Tamén quere ser unha entidade innovadora, que sexa quen de adaptarse aos continuos cambios mediante a formación continua do seu profesorado.

## Valores

Os valores que guían a acción do IES do Barral están unidos a un enfoque ou un valor de referencia, a inclusión. A inclusión entendida como:

• **Incremento da participación do alumnado** nas actividades de ensino-aprendizaxe.

• **Redución da exclusión**, da discriminación e das barreiras para a aprendizaxe e a participación.

• **Reestruturación** da xestión do centro e as formas de aprendizaxe para responder á diversidade de formas de aprender do alumnado de modo que se valore a todos e todas igualmente.

• **Vinculación** da educación a realidade cotiá.

• **Fomento das relacións** mutuamente enriquecedoras entre o centro escolar e entidades do contorno.

• **Participación** de todos os membros da comunidade educativa na vida do centro e na aprendizaxe do alumnado.

Os valores que guían a IES do Barral cara á inclusión, como forma de superar a exclusión e promover a participación son:

• **Igualdade, equidade**, entendida como que “todas e todos temos o mesmo valor” e por tanto, faise necesario reducir as desigualdades.

• **Participación**, non só como intervención en actividades conxuntas, senón tamén como implicación, baseándose no diálogo e aceptando outras opinións.

• **Respecto á diversidade**, valorando aos demais e recoñecendo as súas contribucións á comunidade dende a súa individualidade.

• **Colaboración**, sentido de responsabilidade cara aos demais como servizo público.

• **Sostenibilidade**, preparando ao alumnado en formas de vidas sostibles no seu

contorno máis inmediato, na súa localidade e tamén globalmente. Implica un compromiso co benestar das xeracións futuras.

• **Non violencia**, que precisa escoitar e comprender o punto de vista dos demais e destacar a importancia dos argumentos, incluídos os propios. Require o desenvolvemento de habilidades de negociación, mediación e resolución de conflitos entre o alumnado e entre estes e o profesorado. Entendemos como forma de violencia calquera acción contra as persoas en función da etnia, xénero, discapacidade, idade, orientación afectiva sexual, crenzas e relixión.

• **Asertividade**, expresar pensamentos e sentimentos de forma honesta, directa e correcta. Implica respectar as ideas e as crenzas doutras persoas mentres se defenden as propias.

• **Optimismo**, mostrando que a actividade educativa pode ter un impacto positivo e significativo na vida do noso alumnado e da nosa comunidade e que as persoas poden cambiar e transformarse como resultado dunha acción educativa.

• **Beleza**, afastada dos estereotipos e centrada na diversidade da natureza e das persoas, no aprecio da arte e da música.

## 2.2 Perfil da diversidade do alumnado

| **CONDICIÓNS DE EDUCABILIDADE**<br>(describir brevemente) | **(Número) e % alumnado con necesidades significativas en cada etapa** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Necesidades asistenciais** | **Total** | **EI** | **EP** | **ESO** | **BACH** | **FP** |
| | (46) 9,2% | | | (36) 9,7% | (5) 4,4% | (5) 35,7% |
| A1. Alimentación | (9) 1,8 % | | | (9) 2,4 % | (0) 0% | (0) 0% |
| A2. Vestiario | (2) 0,4% | | | (2) 0,5% | (0) 0% | (0) 0% |
| A3. Hixiene | (5) 1% | | | (5) 1,3% | (0) 0% | (0) 0% |
| A4. Vivenda e subministración básica | (5) 1% | | | (5) 1,3% | (0) 0% | (0) 0% |
| A5. Saúde | (25) 5% | | | (15) 4% | (5) 4,4% | (5) 35,7% |
| **Necesidades escolares** | **Total** | **EI** | **EP** | **ESO** | **BACH** | **FP** |
| | (203) 41% | | | (192) 52% | (2) 1,8% | (9) 64,3% |
| E1. Escolarización | (4) 0,8% | | | (3) 0,8% | (0) 0% | (1) 7% |
| E2. Pagos (libros, material, saídas, comedor, transporte, ...) | (134) 27% | | | (130) 35% | (2) 1,8% | (2) 14% |
| E3. Condicións de estudo na casa | (17) 3,4% | | | (15) 4% | (0) 0% | (2) 14% |
| E4. Seguimento da escolarización pola familia | (25) 5% | | | (25) 6,7% | (0) 0% | (0) 0% |
| E5. Clima familiar propicio | (17) 3,4% | | | (17) 4,6% | (0) 0% | (0) 0% |
| E6. Fenda dixital (dispositivos e/ou acceso a Internet) | (6) 1,2% | | | (2) 0,5% | (0) 0% | (4) 28% |
| **Necesidades socioeducativas**<br>**(dentro ou fóra da escola)** | **Total** | **EI** | **EP** | **ESO** | **BACH** | **FP** |
| | (379) 76% | | | (324) 87% | (50) 44% | (5) 35,7% |
| S1. Actividades complementarias (reforzo escolar, ...) | (264) 53% | | | (219) 59% | (40) 35% | (5) 35,7% |
| S2. Actividades extraescolares (deporte, música, teatro, ocio educativo, ...) | (115) 23% | | | (105) 28% | (10) 8,8% | (0) 0% |

**Observacións:**

O apartado 8.1 conten datos obtidos de reforzo escolar dentro do centro (PROA+, agrupamentos flexibles, reforzo de linguas, alumnado de 3ºPDC, alumando reforzo educativo) e reforzo escolar fóra do centro (academias, clases particulares...).

| NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE) LOMLOE | (Número) e % alumnado con necesidades significativas en cada etapa | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Total** | **EI** | **EP** | **ESO** | **BACH** | **FP** |
| **NEE - Necesidades educativas especiais** | (15) 3% | | | (9) 2,4% | (1) 1% | (5) 35,7% |
| NEE1. Discapacidade Intelectual | (5) 1% | | | (1) 0,3% | (0) 0% | (4)28,6% |
| NEE2. Trastorno do espectro autista (TEA) | (5) 1% | | | (4) 1,1% | (1) 1% | (0) 0% |
| NEE3. Trastornos graves de conduta | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| NEE4. Trastornos graves da comunicación e da linguaxe | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| NEE5. Discapacidade motora | (1) 0,2% | | | (1) 0,3% | (0) 0% | (0) 0% |
| NEE6. Plurideficiencia | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| NEE7. Discapacidade auditiva | (2) 0,4% | | | (2) 0,5% | (0) 0% | (0) 0% |
| NEE8. Discapacidade visual | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| NEE9. Outras necesidades (concretar): **TRASTORNO DE TOURETTE** | (2) 0,4%) | | | (1) 0,3% | (0) 0% | (1) 7 % |
| | **Total** | **EI** | **EP** | **ESO** | **BACH** | **FP** |
| **AC - Altas capacidades intelectuais** | (3) 0,6% | | | (3) 0,8% | | |
| | **Total** | **EI** | **EP** | **ESO** | **BACH** | **FP** |
| **IT - Integración tardía no sistema educativo español** | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| IT1. Escolarizado nun ou dous cursos inferiores | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| IT2. Atención educativa transitoria para facilitar inclusión, recuperar desfase curricular ou dominio da lingua vehicular | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| | **Total** | **EI** | **EP** | **ESO** | **BACH** | **FP** |
| **Outras necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)** | (79) 16% | | | (69) 18,6% | (7) 6% | (3) 21,4% |
| NEAE1. Atraso de maduración | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| NEAE2. Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| NEAE3. Trastornos de atención | (30) 6% | | | (26) 7% | (4) 3,5% | (0) 0% |
| NEAE4. Trastornos de aprendizaxe | (45) 9% | | | (39) 10,5% | (3) 2,6% | (3) 21,4% |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| NEAE5. Descoñecemento da lingua de aprendizaxe | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| NEAE6. Vulnerabilidade socioeducativa: alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa, dous ou máis cursos de desfase por pertenza a minorías étnicas e/ou culturais, factores sociais, económicos ou xeográficos, ou por escolarización irregular | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| NEAE7. Condicións persoais ou de historia escolar | (4) 0,8% | | | (4) 1,1% | (0) 0% | (0) 0% |
| **DA - Dificultades para a aprendizaxe por necesidades non cubertas** | **Total** | **EI** | **EP** | **ESO** | **BACH** | **FP** |
| | (22) 4,4% | | | (19) 5% | (3) 2,6% | |
| DA1. Risco de pobreza e exclusión | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| DA2. Baixo nivel educativo da familia/titores legais, especialmente da nai (<ESO) | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| DA3. Incumprimento da función socializadora-educativa da familia | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| DA4. Vítimas de violencia, maltrato infantil | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| DA5. Migrantes, refuxiados/as | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| DA6. Diferenza entre a lingua familiar e a da escola | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| DA7. Colectivos socialmente estigmatizados | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| DA8. Entorno familiar segregado | (0) 0% | | | (0) 0% | (0) 0% | (0) 0% |
| DA9. Necesidade de reforzo educativo (alumnado repetidor, absentista, …) | (22) 4,4% | | | (19) 5% | (3) 2,6% | (0) 0% |

**Observacións:**

En DA9: alumando repetidor en ESO, incluído que repite en PDC, máis alumnado absentista.

LENDA: EI (Educación Infantil), EP (Educación Primaria), ESO (Educación Secundaria Obrigatoria), BACH (Bacharelato), FP (Formación Profesional).

| ÁMBITOS DE INTERESE E POTENCIALIDADES | (Número) e % alumnado con cada tipo de interese e potencialidades persoais | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **AI – Ámbitos de interese do alumnado** | **Total** | **EI** | **EP** | **ESO** | **BACH** | **FP** |
| Alto interese polo estudo dun número siginificativo | (174) 40% | | | (150) 40% | (16) 14% | (8) 57% |
| Forte interese pola práctica deportiva | (390) 80% | | | (318) 85% | (68) 60% | (6) 43% |
| Gran afición a práctica músical, baile e danza. | (73) 25% | | | (52) 14% | (18) 16% | (3) 21% |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| **PF – Puntos fortes do alumnado** | **Total** | **EI** | **EP** | **ESO** | **BACH** | **FP** |
| Elevada implicación nas actividades extraescolares. | 373 (75%) | | | 300 (80%) | 73 (65%) | |
| Boa convivencia entre o alumnado e comportament | 444 (89%) | | | 330 (90%) | 00 (88,5% | 14 (100%) |
| Boa competencia dixital a nivel de usuario | 99 (100% | | | 72 (100% | 13 (100% | 14 (100%) |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |

**Observacións:**

Dende o centro poderiamos aproveitar o interese do noso alumnado polas actividades musicais, artísticas e pola práctica deportiva para potenciar o bo clima de convivencia ao propoñer actividade dinámicas baseadas nestes intereses que desenvolvan a cohesión, sobre todo, para o alumnado vulnerable.

# 3. IDENTIFICACIÓN DAS ÁREAS DE MELLORA

## 3.1 Instrumentos de recollida de información previa

| | |
|---|---|
| **Fontes internas** | Cuestionario de escola inclusiva (ANEXO 1) |
| | Drdadi 2022/2023.<br>DrdOrienta 2021/2022 |
| | Análise de resultadaso das avaliacións. |
| | Programacións curso 2022/23 e memorias do curso 21/22. |
| | Enquisas realizadas ás familias e ao alumnado en colaboración cos titores e titoras. |
| **Fontes externas** | Probas ABAU. |
| | Probas diagnóstica en 4º ESO. |
| | |
| | |
| | |

## 3.2 DAFO

| 1. VARIABLES **EXTERNAS** QUE INCIDEN NO CENTRO | |
|---|---|
| **OPORTUNIDADES** | **AMEAZAS** |
| OP1. Contorno do centro favorece a convivencia e dificulta o absentismo escolar | A1. Nivel socioeconómico das familias do alumnado medio-baixo. |
| OP2. Colaboración entre as direccións dos centros educativos da vila. | A2. Problemas de convivencia debidos á mala utilización das redes sociais por parte do alumnado. |
| OP3. Ampla actividade cultural e social no concello, moi accesible ao alumnado. | A3. Acceso ao centro perigoso en canto á seguridade vial. |
| OP4. Boa imaxe do centro na vila. | A4. Elevado número de profesores/as con destino provisional que dificulta a coordinación. |

| 2. VARIABLES **INTERNAS** QUE INCIDEN NO CENTRO | |
|---|---|
| **FORTALEZAS** | **DEBILIDADES** |
| F1. Posta en marcha de programas de innovación educativa. | D1. Porcentaxe significativa de alumnado vulnerable. |
| F2. Alumnado moi participativo e implicado nas iniciativas e actividades propostas dende o centro. | D2. Falta traballo de coordinación entre o profesorado para a elaboración e implementación de actividades docentes. |
| F3. Boa dotación de medios informáticos, audiovisuais e TIC. | D3. Baixa utilización de metodoloxías activas na aula. |
| F4. Bo clima de convivencia e integración do alumnado no centro. | D4. Edicifio con espazos limitados e instalacións deportivas e de lecer con deficiencias na construción que non se adaptan ás necesidades do alumnado. |

### 3.2.1 Análise e interpretación dos datos DAFO e selección de obxectivos PROA+

| 1. VARIABLES **EXTERNAS** QUE INCIDEN NO CENTRO | |
|---|---|
| **OPORTUNIDADES** | **Traslado a obxectivo PROA+** |
| OP1. Contorno do centro favorece a convivencia e dificulta o absentismo escolar | Non |
| OP2. Colaboración entre as direccións dos centros educativos da vila. | Non |
| OP3. Ampla actividade cultural e social no concello, moi accesible ao alumnado. | Non |
| OP4. Boa imaxe do centro na vila. | Non |
| **AMEAZAS** | **Traslado a obxectivo PROA+** |
| A1. Nivel socioeconómico das familias do alumnado medio-baixo. | Non |
| A2. Problemas de convivencia debidos á mala utilización das redes sociais por parte do alumnado. | Non |
| A3. Acceso ao centro perigoso en canto á seguridade vial. | Non |
| A4. Elevado número de profesores/as con destino provisional que dificulta a coordinación. | Non |
| 2. VARIABLES **INTERNAS** QUE INCIDEN NO CENTRO | |
| **FORTALEZAS** | **Traslado a obxectivo PROA+** |
| F1. Posta en marcha de programas de innovación educativa. | Non |
| F2. Alumnado moi participativo e implicado nas iniciativas e actividades propostas dende o centro. | Non |
| F3. Boa dotación de medios informáticos, audiovisuais e TIC. | Non |
| F4. Bo clima de convivencia e integración do alumnado no centro. | Non |

| DEBILIDADES | Traslado a obxectivo PROA+ |
|---|---|
| D1. Porcentaxe significativa de alumnado vulnerable. | Si |
| D2. Falta traballo de coordinación entre o profesorado para a elaboración e implementación de actividades docentes. | Si |
| D3. Baixa utilización de metodoloxías activas na aula. | Si |
| D4. Edicifio con espazos limitados e instalacións deportivas e de lecer con deficiencias na construción que non se adaptan ás necesidades do alumnado. | Si |

## 4. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

| Código | Estratexia | Relación cos obxectivos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | O1 | O2 | O3 | O4 | O5 | O6 | O7 | O8 |
| | | Incrementar os resultados escolares cognitivos e socioemocionais | Reducir a repetición | Reducir o alumnado con dificultades para a aprendizaxe | Reducir o absentismo escolar e mellorar as fases do proceso de aprendizaxe | Conseguir e manter un bo clima no centro educativo | Conseguir e manter un bo nivel de satisfacción de aprender e ensinar | Conseguir e manter expectativas positivas do profesorado sobre todo o alumnado | Avanzar cara unha escola inclusiva e sen segregación interna no centro |
| E1 | Accións para seguir e "asegurar" as condicións de educabilidade | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☒ | ☐ | ☐ | ☐ |
| E2 | Accións para apoiar o alumnado con dificultades para a aprendizaxe | ☐ | ☐ | ☒ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| E3 | Accións para desenvolver actitudes positivas no centro (transversais) | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| E4 | Accións para mellorar o proceso E/A das competencias esenciais no alumnado con dificultades de aprendizaxe | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| E5 | Accións e compromisos de xestión de centro e para mellorar a estabilidade e calidade dos/as profesionais | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☒ |
| E6 | Accións non PROA+ definidas e frecuentemente financiadas polas administracións educativas que son clave e non están consolidadas no funcionamento do centro, por exemplo: Programa de Competencia dixital educativa, Ecosistema dixital educativo, Plan de convivencia, etc. (Indicar) | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |

# 5. MARCO DE PLANIFICACIÓN PARA UNHA ESCOLA INCLUSIVA

<table>
<tr><th colspan="4">Marco de planificación</th></tr>
<tr><th colspan="4">A – Creando culturas inclusivas</th></tr>
<tr><th colspan="2">A1. Construíndo comunidade</th><th colspan="2">A2. Establecendo valores inclusivos</th></tr>
<tr><td>Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario):</td><td>11</td><td>Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario):</td><td>5</td></tr>
<tr><td colspan="4">Que imos facer? (Facer referencia a unha actividade panca (AP) do catálogo que favoreza a mellora dos subapartados anteriores na medida do posible)<br>A580 - Creación  de espazos inclusivos</td></tr>
<tr><th colspan="4">B – Promovendo políticas inclusivas</th></tr>
<tr><th colspan="2">B1. Desenvolvendo un centro para todos e para todas</th><th colspan="2">B2. Organizando o apoio</th></tr>
<tr><td>Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario):</td><td>9</td><td>Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario):</td><td>4</td></tr>
<tr><td colspan="4">Que imos facer? (Facer referencia a unha  AP do catálogo que favoreza a mellora dos subapartados anteriores na medida do posible)<br>A 230 - Actividades de reforzo para a mellora e éxito educativo para alumnado e familias.</td></tr>
<tr><th colspan="4">C – Desenvolvendo prácticas inclusivas</th></tr>
<tr><th colspan="2">C1. Construíndo un currículo para todos e para todas</th><th colspan="2">C2. Orquestando a aprendizaxe</th></tr>
<tr><td>Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario):</td><td>12</td><td>Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario):</td><td>10</td></tr>
<tr><td colspan="4">Que imos facer? (Facer referencia a unha  AP do catálogo que favoreza a mellora dos subapartados anteriores na medida do posible)<br>A233 - Aprendizaxe cooperativo na aula.</td></tr>
</table>

## 6. OBXECTIVOS PROA+

| Código | Obxectivo PROA+ | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 05 | Conseguir e manter un bo clima no centro educativo. | | | | | | | |
